

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**CERTIFICA:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 17 de outubro de 2024, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**Asunto: *Dar conta da oferta presentada pola Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870), no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do Campionato Europeo de Ciclocrós 2024 (Expte.- 2024057008).***

Por Resolución Presidencial número 2024007763, de data 07 de outubro de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo do Campionato Europeo de Ciclocrós 2024, cun valor máximo estimado de 100.000,00 €, IVE engadido.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 07/10/2024.

A Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	82.644,63 €
IVE (21 %)	17.355,37 €
Importe ofertado con IVE	100.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Federación Galega de Ciclismo (CIF: G36644870), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo do Campionato Europeo de Ciclocrós 2024.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

